



**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: APROBACION DE BASES REGULADORAS E PROCEDEMENTO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A COMISIONS ORGANIZADORAS DE FESTAS PATRONAIS E POPULARES PARA A CONTRATACION DE ORQUESTRAS**

**EXPEDIENTE: 2023/G003/000326**

**ANTECEDENTES:**

O día 10/08/2021, no BOP nº 150, o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente da Deputación Provincial da Coruña publicou o anuncio relativo á Aprobación definitiva da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

En data 31/05/2022, no BOP nº 102, ese mesmo servizo publicou a Resolución da Presidencia nº 2022/25825 de 30/05/2022 a través do que se aprobaban as Bases reguladoras do programa PEL-Concello\_Axudas ao sector das orquestras e verbenas, incluído na Liña 1.3 do Plan de Emprego Local.

E será no BOP nº 140 de data 26/07/202 onde se faga pública a resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa de axudas ao sector das orquestras e verbenas (PEL-Concellos OV), e onde conste o Concello de Coristanco cun importe de subvención que ascende a 7.000,00 euros (Expte 2022000038901).

En data 21/03/2023 asináronse as Bases reguladoras deste proceso, así como o procedemento de convocatoria e concesión das subvencións destinadas ás Comisións organizadoras de festas patronais e populares para a contratación de orquestras.

A vista do anterior, esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime local,

**RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar as Bases reguladoras deste proceso, así como o procedemento de convocatoria e concesión das subvencións destinadas ás Comisións organizadoras de festas patronais e populares para a contratación de orquestras co seguinte contido:

**“BASES REGULADORAS E PROCEDEMENTO DE CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS A COMISIÓN ORGANIZADORAS DE FESTAS PATRONAIS E POPULARES PARA A CONTRATACIÓN DE ORQUESTRAS.**

1. Obxecto e finalidade da convocatoria.

1.1. Convócase a concesión de subvencións en réxime de concorrencia, por parte do Concello de Coristanco ás comisións organizadoras de festas patronais e populares para a contratación de orquestras ao amparo do Programa PEL-Concellos-Axudas ao sector das orquestras e verbenas, incluído na Liña 1.3 do Plan de Emprego Local do ano 2022 da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 102 de data 31/05/2022). As actividades subvencionables refírense a aquelas festas patronais e populares que, por tradición, se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no



termo municipal de Coristanco e para o desfrute de toda a poboación. As festas serán aquelas celebradas entre o día 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022, polo que as contratación da orquestras tamén deberán cinguirse a ese período.

1.2. O obxecto desta convocatoria é contribuir á reactivación económica, á xeración de recursos económicos e á promoción e mantemento do emprego no sector empresarial do mundo do espectáculo e movemento cultural e, en concreto, do sector das orquestras e verbenas, no marco da Liña 1.3 do Plan de Emprego Local do ano 2022 da Deputación Provincial da Coruña.

1.3. O Concello poderá excluír da concesión calquera actividade que considere que non serve ás finalidades sinaladas, así como as que promovan, faciliten ou permitan a discriminación de calquera tipo (étnica, social, sexual, ideolóxica, lingüística, etc.) ou sexan incompatibles cos valores de igualdade, libre desenvolvemento da personalidade e protección do medio ambiente.

## 2. Importe da convocatoria e aplicación orzamentaria

2.1. A concesión das subvencións imputarase á aplicación orzamentaria 338/489.00 e ata o límite da súa consignación orzamentaria en atención ao concedido pola Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 140 de data 26/07/2022) que neste caso ascende a 7.000,00 euros.

2.2. As aportacións concedidas ao amparo desta convocatoria son compatibles con outras que poideran ter percibido as entidades beneficiarias de outras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custo da actividade subvencionada.

2.3. O importe máximo destas subvencións, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere ocuste da actividade subvencionada.

## 3. Requisitos dos beneficiarios.

3.1. Poderán ser beneficiarios das subvencións ao amparo das presentes bases as comisións de festas patronais e populares para a contratación de orquestras que cumpran os seguintes requisitos:

- Dispor de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número e identificación fiscal CIF/NIF).
- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no Concello de Coristanco.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o Concello de Coristanco.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias (estatais, autonómicas e do concello), e das derivadas da Seguridade Social.
- Non estar incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

3.2. As empresas titulares de orquestras que se contraten deben cumprir os seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio fiscal e social en Galicia.
- Ter unha antigüidade mínima de dous anos de exercicio continuado na actividade, a considerar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade.
- Declarar responsablemente que ten unha composición mínima de seis membros dos que, alomenos catro, deben tocar algún instrumento musical na súa actuación.
- Declarar responsablemente que o 80% da súa actividade se centra na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

3.3. Non será subvencionable aquelas actuacións que exclúan o uso da lingua galega ou non utilicen



a lingua galega como lingua vehicular. Así, os soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartalería, folletos, etc) deberán cumprir o requisito anterior, sen que elo impida que se poidan utilizar outras linguas.

#### 4. Solicitudes

4.1. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.- As solicitudes deberán presentarse a través da Sede electrónica do Concello de Coristanco.

O prazo para a presentación da solicitude acompañada do resto da documentación xustificativa será de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincial.

4.2. Documentación.- As comisión organizadoras de festas patronais e populares deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude asinada polo Presidente ou quen teña conferida a delegación.
- b) Fotocopia del DNI do solicitante, e do NIF/CIF da comisión organizadora.
- c) Declaración de non estar incurso en causa de prohibición para obter axudas públicas de conformidade co artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- d) Declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento da presentación da solicitude.
- e) Copia dos estatutos da entidade organizadora, así como declaración dos seus cargos actualizada á data da solicitude da subvención.
- f) Declaración na que se recolla o conxunto de todas as axudas que teña solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade polas distintas Administracións públicas.
- g) Certificación da representación e número de socios.
- h) Xustificación de ter feito constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades ou investimentos subvencionados.
- i) Programa detallado da actividade para a que se solicita a subvención, especificando a súa denominación, data, lugar de realización.
- l) Xustificación dos gastos da actividade co suficiente grado de detalle que permita comprobar que todos os conceptos de gastos son subvencionables. Aportaranse os correspondentes contratos, facturas e xustificantes bancarios de ter realizado os pagamentos.
- m) Xustificación de ter contratado unha empresa titular de orquestra que cumpra cos requisitos establecidos no punto 3.2 desta convocatoria. Aportarase a documentación necesaria para comprobar cada un dos puntos requiridos.
- n) Certificación do número de conta corrente da comisión de ou do beneficiario na que se procederá a realizar o ingreso da subvención.

4.3. Autorizacións.- A presentación da solicitude de concesión de subvención polos interesados comportará a autorización ao órgano instructor para realizar, de oficio, as consultas de se a entidade se atopa ao día nos deberes tributarios e coa Seguridade Social. No caso de que no se desexe dar esta autorización, deberá sinalarse expresamente, e aportar os correspondentes certificados.

4.4. A Administración poderá demandar das entidades a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión de subvencións.

#### 5. Concesión.

5.1 A concesión de subvencións á que se refire esta convocatoria efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e igualdade.

5.2 As subvencións serán concedidas por acordo da Alcaldía.



5.3 O acordo deberá adoptarse no prazo de dez días dende o da finalización do prazo para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa nese prazo, entenderase desestimada a solicitude. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.

5.4 Una vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas polo departamento da intervención municipal, que poderá solicitar a axuda que estime oportuna do resto dos servizos municipais para a valoración das peticións.

5.5 Efectuada esta avaliación, o departamento elaborará informe con proposta de resolución, que presentará á Alcaldía para a súa aprobación.

5.6 A concesión será publicada na Sede electrónica do Concello de Coristanco.

5.7 Toda alteración das condicións que foran tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concurrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

#### 6. Gastos subvencionables:

Serán subvencionadas a contratación de empresas titulares de orquestras para a celebración de festas patronais e populares que, por tradición, se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no termo municipal de Coristanco e para o desfrute de toda a poboación. As festas serán aquelas celebradas entre o día 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022, polo que as contratacións das orquestras tamén deberán cingirse a ese período.

#### 7. Deberes do beneficiario.

7.1 Ademais dos deberes que se detallan na Base 4 da publicación efectuada pola Deputación Provincial da Coruña no BOP nº 102 de data 31/05/2022, as entidades beneficiarias estarán obrigadas ao seguinte:

7.2. Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen ao concello a súa renuncia no prazo máximo de dous días a partir da notificación do outorgamento, entendera que a subvención é aceptada.

7.3. Facer constar na totalidade da publicidade que se realicen da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención da Deputación Provincial da Coruña:

a) En todo caso, nos carteis, páxinas web ou outros medios que se utilicen, deberá constar expresamente a colaboración da Deputación Provincial da Coruña xunto cos logotipos do Plan de emprego local e da Deputación postos a disposición na web: <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos-pel/>

b) No caso de que non se fixera publicidade impresa, nin se utilizaran medios informáticos para publicitar as actividades, deberá fixarse un anuncio nalgún local relacionado coa actividade da entidade que percibe a subvención (local social, taboleiro de anuncios parroquial, etc) onde conste a concesión da subvención, conceptos e importe, alomenos dende a concesión da subvención ata o pagamento da mesma.

A maneira de acreditar o cumprimento do deber, neste caso, será mediante unha certificación do secretario da entidade, con visto e prace do presidente, na que conste que o anuncio estivo exposto e o período de exposición, acompañada dunha fotografía do anuncio realizado.

7.4. Os beneficiarios das subvenciones, una vez presentadas sen que conste a súa renuncia, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.



7.5. Ao mesmo tempo, deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control nos seguintes catro anos.

7.6. O beneficiario poderá subcontratar total ou parcialmente con terceiros a actividade subvencionada.

No caso de que a Entidade concerte a execución total ou parcial das actividades con persoas o entidades vinculadas co beneficiario, deberá solicitar previamente autorización expresa ao órgano concedente.

7.7. Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

8. Xustificación.

8.1. O prazo para a presentación da xustificación será de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, en tanto que a presentación da solicitude e da xustificación do gasto subvencionado se deben presentar ao tempo.

8.2. As xustificacións deben presentarse a través da Sede electrónica do Concello de Coristanco.

8.3. O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos concurrentes coa presente e para o mesmo obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos para os conceptos subvencionados.

8.4. Considerarase gasto realizado, dacordo co artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas presentes bases. Polo tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e abonados entre o día 1 de xaneiro de 2022 e ata o día 31 de decembro de 2022.

8.5. No caso de no atoparse ao corrente dos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social, e de que xustificase o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento se no prazo de dous días non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

9. Incumprimento das condicións.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos casos previstos na Base 8 da publicación efectuada pola Deputación Provincial da Coruña no BOP nº 102 de data 31/05/2022.

10. Pago.

O pago das subvencións farase con carácter posterior á presentación da solicitude de participación neste proceso, e despois de ter realizado a comprobación de que se cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases.

11. Protección de datos de carácter personal

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e deberes contidos nelas, así como aquelas establecidas pola Deputación Provincial da Coruña.



A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentemento inequívoco ao tratamento de datos de carácter personal e a súa publicación dacuerdo co previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE; aspectos desenrolados na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente para a xestión e tramitación do expediente correspondente.

## 12. Normativa reguladora.

A presente convocatoria rexirase, ademáis de polas normas expresadas na mesma, polas Bases reguladoras do Programa PEL-Concellos Axudas ao Sector das orquestras e verbena, incluído na Liña 1.3 do Plan de Emprego Local (BOP nº 102 de data 31/05/2022); pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que constitúen a lexislación básica do Estado, dacordo co disposto na súa Disposición final 1ª; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en todo o demás; o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

## 13. Contía das subvencións

A contía total da subvención ascende a 7.000,00 euros.

### 13.1 Criterios de valoración:

O importe total repartirase entre todas aquelas comisións organizadoras de festas patronais e populares do Concello de Coristanco que o soliciten e que cumpran cos requisitos establecidos no punto primeiro, e de forma proporcional ao gasto executado.

No caso de que o número de solicitudes admitidas sexa tal que supoña que o gasto total a subvencionar supere o crédito inicialmente destinado a esta finalidade, o crédito inicialmente previsto prorratearase entre as solicitudes presentadas e admitidas."

Segundo.- Remitir este acordo para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia

Terceiro.- Dar publicidade a este proceso a través do Taboleiro electrónico do Concello de Coristanco, na Sede electrónica municipal, e nas RRSS para unha maior difusión.

*Coristanco, asinado electrónicamente polo alcalde, Juan Carlos García Pose, e a secretaria municipal, Elena González López, na/s data/s que figuran nas sinaturas electrónicas.*